Gonçalo Anes do Vinhal

Rubrica
Quand'eu sobi nas torres sôbe'lo mar
e vi onde soía a bafordar
o meu amig', amigas, tam gram pesar
houv'eu entom por ele no coraçom,
quand'eu vi estes outros per i andar,
que a morrer houvera por el entom.

Quand'eu catei das torres [a] derredor
e nom vi meu amig[o] e meu senhor,
que hoje por mi vive tam sem sabor,
houv'eu entom tal coita no coraçom,
quando me nembrei del e do seu amor,
que a morrer houvera por el entom.

Quand'eu vi esta cinta que m'el leixou
chorando com gram coita, e me nembrou
a corda da camisa que m'el filhou,
houv'i por el tal coita no coraçom,
pois me nembra, fremosa, u m'enmentou,
que a morrer houvera por el entom.

Nunca molher tal coita houv'a sofrer
com'eu, quando me nembra o gram prazer
que lh'eu fiz, u mi a cinta vẽo cinger,
[e] creceu-mi tal coita no coraçom,
quand'eu sobi nas torres polo veer,
que a morrer houvera por el entom.

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026